

## SOLUCIÓNS DAS ACTIVIDADES DO MES DE ABRIL 1º ESO (B e C)

Ola rapaces e rapazas!

Envíovos un arquivo coas solucións das actividades que están sen corrixir do mes de abril.

Corrixídelas e se tedes algunha dúbida enviádeme un correo.

Un saúdo e moita saúde!

### 1ª SEMANA

#### Páxina 126

1.

- a) Está formada por versos.
- d) Expresa sensacións íntimas do autor.
- e) O poeta permítese xogar coas palabras.

3.

A televisión, para min,  
é un grande monstro azul.  
Un dinosauro xigante e cariñoso  
que cando se enfada  
conta cousas terribles.

Os exercicios 5, 6 e 7 xa están corrixidos.

#### Páxina 128

1.

Zooloxía: cánido, mimetismo.

Xeografía: tundra, interglaciar, boreal.

- Predomina totalmente a obxectividade.
- Para organizar a información utilízanse dous recursos gráficos: a negriña e os bolos.

De exemplificación: isto é, é dicir.

De causa: grazas a.

De consecuencia: de modo que.

De finalidade: co fin de.

De adición: ademais, así mesmo.

De oposición: a diferenza de, en cambio, agora ben.

2.

Trátase dun texto divulgativo. Non hai excesivo número de tecnicismos, as oracións son curtas e sinxelas. Non fai falta unha formación específica na materia para comprender o que di o texto.

### 2ª SEMANA

A páxina 132 está corrixida.

#### Páxina 137

Neste caso á resposta é individual.

### 3ª SEMANA

#### Páxina 144

1.

Resposta libre. Lembra que o pareado está formado por dous versos que riman entre si. Poden ser de arte maior ou menor e a rima tamén pode ser consonante ou asonante.

Arte maior: cando teñen máis de oito sílabas

Arte menor: cando teñen oito sílabas ou menos.

3.

Está corrixido.

7.

Están moi cansas as barcas  
alá no fondo do mar.

Semella que están durmindo  
e non queren espertar.

O vento está a acariñalas  
cos seus dedos pillabáns.

As barcas seguen durmidas  
e parecen non notar

os aloumiños e beixos

que o vento lles quere dar.

Dormen as barcas cansadas

aló, no medio do mar.

#### Páxina 148

1.

Avarento–xeneroso

Mentireiro–franco

Meticuloso–chafalleiro

Prudente–arriscado

Leal–traidor

Humilde–vaidoso

Covarde–valente

Nugallán–traballador.

2.

Arriscado, esgotador, argalleiro, lambón, cativador, rosmón, atrevido, calado, cumpridor.

7.

Horta, herba, húmido, harpía, hasta, harmonía. Ola, orfo, óso, irmán, ai, oco.